



1 de abril de 2023

Coa aprobación do RD-L que se publicou o 17 de marzo péchase un ciclo de reformas articulado en 4 leis:

1. Lei 21/2021, de 28 de decembro sobre poder adquisitivo das pensións (as pensións subirán segundo a inflación media acumulada).
2. Lei 12/2022, de 30 de xuño sobre os plans de pensións de emprego.
3. Real Decreto-lei 13/2022, de 26 de xullo sobre novo sistema de cotización das persoas autónomas.
4. Real Decreto-lei 2/2023, de 16 de marzo sobre número de anos para cálculo da base reguladora da pensión.

A mobilización social conseguiu tres importantes logros:

1. Subida anual das pensións de acordo co IPC. O movemento en defensa das pensións públicas continúa a reivindicar a volta ao mecanismo anterior: 1) suba segundo IPC previsto, 2) revisión ao final de ano, nova suba en función da desviación, 3) paga compensatoria. Porén, o IPC medio anual, garante a longo prazo o mantemento do poder adquisitivo.
2. Subida pensións mínimas e non contributivas do 15%.
3. Transferencia dos gastos impropios da Seguridade Social aos orzamentos xerais do Estado.

Mais non se reverteron perdas importantes anteriores de dereitos:

1. Aumento da idade legal de xubilación dos 65 aos 67 anos.
2. Aumento do período de cálculo da base reguladora da pensión de 15 a 25 anos.
3. Aumento de 35 a 37 anos para cobrar o 100% da pensión.

Ademais, a promoción pública dos plans de pensións de emprego (Lei 12/2022, de 30 de xuño) desviará recursos públicos para alimentar fondos privados de capitalización que crearán desigualdade e inestabilidade financeira. É previsíbel que no futuro o sector público se vexa obrigado a intervir para salvar as entidades xestoras en risco de insolvencia, que previamente se apropiaron de suculentas comisións.



Respecto do Real Decreto-lei 2/2023:

1. Recorta as pensións dos traballadores e traballadoras que se xubilen a partir do ano 2041, ao aumentar o período de cálculo da pensión até 27 anos (os 27 mellores dos últimos 29 anos antes da xubilación).
2. Non empeora as condicións para os traballadores e traballadoras que se xubilen até o ano 2040. Mesmo, nalgúns casos lles permitirá unha pequena mellora respecto da normativa vixente ao lles permitir elixir entre 25 anos ou os mellores 27 de 29. Esta última posibilidade beneficiará s persoas que quedaron no paro nos últimos anos da súa vida laboral, ou viron reducidos os seus salarios.
3. O endurecemento que pretendía o ministro Escrivá e polo que premia a Comisión Europea (CE) fica adiado até 2041.
4. Introduce algunhas melloras para reducir a fenda de xénero: incremento dos anos dedicados aos coidados que se considerarán cotizados e aumento dun 10% do complemento por fenda de xénero. Estas medidas non serán suficientes para acabar con esta fenda, mais si a reducirán.
5. Aumenta as pensións mínimas, se ben por debaixo da reivindicación dunha pensión mínima de 1.080€/mes.
6. Aumenta os ingresos do sistema por tres vías: creación dunha cotización adicional de solidariedade, aumento do mecanismo de equidade interxeracional e incremento da base máxima de cotización.
7. Permite aumentar o gasto en pensións até a contorna do 15% do PIB e establece mecanismos de revisión de gastos e ingresos. Mais é moi preocupante que se encargue a un organismo neoliberal como a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) a valoración da evolución de ingresos e gastos a partir de 2025.



Entendemos que se está a dar unha mudanza de discurso: do “non hai recursos” a “hai que buscar ingresos para pagar as pensións futuras” e que esta mudanza é froito da mobilización social na Galiza, en todo o Estado español e en Francia. Alí desenvólvese unha mobilización para impedir o aumento da idade de xubilación até os 64 anos que, sen dúbida, obrigou a mudar o punto de vista en Bruxelas.

A CE comeza a se render á evidencia de que avanzar na privatización dos sistemas públicos de pensións e no recorte das prestacións sociais vai ter un custo crecente.

Este xiro confírmanos na convicción de que é imprescindible continuar o labor de información, organización e mobilización e que debemos situar como obxectivos para os próximos meses e seguinte lexislatura:

1. Recuperar a idade legal de xubilación aos 65 anos.
2. Estudar medidas adicionais para pechar a fenda de xénero.
3. Superiores incrementos das pensións mínimas.
4. Prolongar a elección entre 25 anos ou 27 de 29 despois de 2041.
5. No camiño de volver aos 15 anos para o cálculo da BR.
6. Unha reforma fiscal radical. As pensións deben pagarse con cotizacións sociais e impostos. Existen outras fontes de ingresos que as que recaen sobre o traballo como fai este RD-L.
7. Que o Parlamento estude o nivel de gasto en pensións como porcentaxe do PIB adecuado ao envellecemento da poboación nas décadas vindeiras, e posteriormente as fontes de ingresos necesarias.
8. Denunciaremos o papel da AIREF e outros organismo que se presentan como independentes, mais actúan ao servizo das finanzas.
9. Derrogación da lei Escrivá de fondos de pensións.



Felicítámonos polos avances conseguidos pola mobilización social nos últimos meses:

1. Actualización das pensións ao 8,5%.
2. Subida das pensións mínimas e non contributivas un 15%.
3. Paralización do incremento do número de anos para calcular a base reguladora até 2040.

É posíbel avanzar en dereitos.

A mobilización social é o único camiño!